

# A HORTA DE SIMÓN

Texto e ilustracións de **ROCÍO ALEJANDRO**

Tradución de **MANUELA RODRÍGUEZ**

Encadernado en cartonné. 22,5 x 25 cm. 44 páx. 15 €.

Contén páxinas despregables.

X PREMIO INTERNACIONAL COMPOSTELA PARA ÁLBUMS ILUSTRADOS  
PREMIO FUNDACIÓN CUATROGATOS 2019

**A horta de Simón** (galego)

ISBN 978-84-8464-348-7. Premio Compostela.

**La huerta de Simón** (castelán)

ISBN 978-84-8464-349-4. Premio Compostela.

**L'hort d'en Simó** (catalán)

ISBN 978-84-16804-32-0. Premi Compostela.

**Ximunen baratzea** (éuscaro)

ISBN 978-84-9172-010-2. Compostela Saria.

**A horta do Simão** (portugués)

ISBN 978-989-749-094-1. Prémio Compostela.

**L'orto di Simone** (italiano)

ISBN 978-88-95933-82-5. Premio Compostela.

**Simon's vegetable garden** (inglés)

ISBN 978-84-8464-350-0. Compostela Prize.

*Chegara a primavera.*

*Simón, como todos os anos, decidiu plantar as súas cenorias.*

*O primeiro que fixo foi construír un valado arredor da súa horta.*

*Despois, preparou a terra...*


O coello Simón plantou moitas cenorias pero alguén lle suxeriu que puxera leitugas, alguén tomates, alguén berenxenas... e a horta medrou, enchéndose non só de vexetais senón tamén duns labregos moi especiais: o rato, a galiña, o chibo, o porquiño, a raposa...

O X Premio Internacional Compostela para Álbums Ilustrados é un eloxio ao traballo colectivo, á convivencia en harmonía e en contacto coa natureza.

Este é o primeiro libro de Rocío Alejandro como autora e ilustradora, inspirado na horta comunitaria do seu barrio. Nel destaca a progresión narrativa do texto, que comeza contando os pasos necesarios para crear un horto. Tamén recorre á estrutura acumulativa para presentar os personaxes que sucesivamente se van incorporando á historia.

As ilustracións, de tons ocres e alaranxados en concordancia co escenario do relato, están elaboradas coa técnica da estampación mediante selos entintados; un proceso creativo moi laborioso porque todas e cada unha das partes de cada un dos personaxes e utensilios representados foron impresos individualmente co seu correspondente selo.

Polo seu carácter universal, a clara intención ecolóxica e comunitaria, e os distintos niveis de lectura que achega, "A horta de Simón" trascende a súa aparente sinxeleza para revelarse como un libro de múltiples lecturas.



■ **Temática:** traballo colectivo, relación colectiva coa terra.

■ **Idade recomendada:** a partir de 5 anos.

■ **Aspectos destacables:** X Premio Compostela; agricultura, natureza; convivencia, tolerancia, xenerosidade; técnica da estampación con selos entintados.

■ **Avance do libro:**


<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/a-horta-de-simon-g>

## Rocío Alejandro

(Bos Aires, 1978)

Estudou Deseño Gráfico Publicitario pero a ilustración infantil é a súa "verdadeira vocación". Participou en varios talleres e cursos que a orientaron na súa traxectoria artística. Ilustrou libros publicados tanto en Arxentina como noutros países. Imparte clases de ilustración infantil no espazo Mundos Ilustrados, en Bos Aires.

<https://rocioalejandro.blogspot.com>



www. **kalandraka** .com

comunicacion@kalandraka.com